

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****CERDEDO-COTOBADE****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL DE USO, EMPREGO E DEFENSA DO GALEGO**ANUNCIO*

Ao non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal de uso, emprego e defensa do galego no Concello de Cerdedo-Cotobade aprobada inicialmente en sesión de 29.11.2018, quedando redactado como segue,

**“Ordenanza municipal de uso, emprego e defensa do galego
no Concello de Cerdedo-Cotobade***LIMIAR*

A lingua constitúe a principal manifestación da identidade cultural dun pobo e, como tal, desde o Concello de Cerdedo-Cotobade quérese impulsar o seu uso, emprego e defensa. O galego constitúe o noso principal patrimonio cultural como sinal de identificación e diferenciación de Galicia. Ao longo da súa historia coñeceu períodos de esplendor e de debilitamento pero, coa chegada da democracia a España, viuse un camiño aberto cara á súa normalización, tendo en conta o dereito xeral dos cidadáns a usar a lingua oficial da súa elección.

A Constitución Española de 1978 establece a cooficialidade das linguas das comunidades autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, no seu artigo 5, declara o galego “lingua propia de Galicia”, proclama a súa oficialidade e confírelles aos poderes públicos a obriga de potenciar o seu uso en todos os ámbitos da vida pública, cultural e informativa.

A Lei 3/1983 de normalización lingüística establece que a lingua galega “é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, e a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade”. Como consecuencia deste principio, determina o carácter oficial do galego como lingua, entre outras institucións e poderes públicos, da administración local. Nesta liña, esa normativa sinala que “os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns” e engade que “as Corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras”.



Mércores, 6 de febreiro de 2019

Núm. 26

A Lei 5/1988 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais establece no seu artigo 1º que “as convocatorias das sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega”.

A Lei 5/1997 do 22 de xullo de administración local de Galicia determina no seu artigo 7 que o galego, como lingua propia de Galicia, o é tamén da súa Administración Local.

O Concello de Cerdedo-Cotobade quere incidir na súa política de promoción da lingua galega, cunha regulación propia a través desta proposta de ordenanza, xa que temos a responsabilidade de apoiar e promover este proceso segundo todos os preceptos legais anteriormente mencionados.

Así, e considerando que temos que continuar pola vía da promoción do uso, emprego e defensa do galego, propónselle ao Pleno do Concello de Cerdedo-Cotobade a aprobación desta ordenanza.

CAPÍTULO I

O USO OFICIAL DO GALEGO

ARTIGO 1º

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Cerdedo-Cotobade.
2. De acordo co establecido na Constitución española e no Estatuto de Autonomía de Galicia, o castelán tamén é lingua cooficial.
3. As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán, como ata a data, plena validez e eficacia.
4. Os/as cidadáns/ás teñen dereito a ser atendidos e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.

CAPÍTULO II

ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 2º

1. O uso da lingua galega por parte do Concello de Cerdedo-Cotobade e dos organismos que dependan del determinarase polo contido desta ordenanza.
2. As empresas adjudicatarias ou concesionarias, que actúan por conta deste Concello, empregarán o galego como lingua habitual na súa documentación no ámbito municipal ou da comunidade autónoma.



Mércores, 6 de febreiro de 2019

Núm. 26

3. O Concello de Cerdedo-Cotobade velará para que, a nivel interno e nos actos en que participe, sexan aplicados os principios establecidos para o uso e emprego do galego.

4. Todos os servizos, departamentos, oficinas e organismos dependentes do Concello de Cerdedo-Cotobade terán en conta a necesidade de normalización da lingua galega, para o que asumirán o desenvolvemento desta ordenanza en todas e cada unha das accións no seu funcionamento cotiá.

CAPÍTULO III

EMPREGO DO GALEGO NO FUNCIONAMENTO DO CONCELLO

ARTIGO 3º

1. As actuacións internas do Concello de Cerdedo-Cotobade redactaranse en lingua galega.
2. Serán redactadas en lingua galega:
 - a) As convocatorias das sesións de todos os órganos colexiados da Corporación e nomeadamente as do Pleno, Xunta de Goberno Local, xunta de voceiros, comisións informativas, mesas de contratación e tribunais de oposicións e concursos.
 - b) As actas das sesións dos citados órganos municipais.
 - c) As resolucións do/a Presidente/a, dos/as concelleiros/as delegados/as e do Libro de Rexistro.
 - d) Os ditames, informes e propostas das diversas dependencias administrativas ou servizos que haxan de someterse á decisión ou coñecemento de calquera órgano municipal.
3. Todos os impresos utilizados polos diferentes órganos do Concello de Cerdedo-Cotobade serán redactados en lingua galega.
4. Os gráficos e sinais indicativos de oficinas e despachos, as cabeceiras de toda clase de impresos, os selos de goma, os cuños e outros elementos similares estarán escritos en galego.
5. As aplicacións e programas informáticos terán que estar adaptados para o funcionamento en lingua galega.

ARTIGO 4º

A documentación dos expedientes administrativos que dean lugar á adopción dos acordos e resolucións referidos no artigo anterior tamén será redactada e tramitada en galego.

ARTIGO 5º

Nos rexistros administrativos das oficinas do Concello de Cerdedo-Cotobade os asentos faranse en galego.



Mércores, 6 de febreiro de 2019

Núm. 26

CAPÍTULO IV
DAS RELACIÓNS COS VECIÑOS E CIDADÁNS

ARTIGO 6º

1. Todos os expedientes administrativos do Concello de Cerdedo-Cotobade tramitaranse en lingua galega.

2. Se o interesado fixese unha solicitude formal entregaránselle os documentos que lle interesen en castelán, como alternativa lingüística oficial da nosa comunidade autónoma.

3. As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas e xurídicas no ámbito da comunidade autónoma faranse en lingua galega, sen prexuízo do dereito dos cidadáns a recibilas, se o solicitan expresamente, en castelán.

4. Traduciranse ao castelán os documentos, expedientes ou partes dos mesmos que deban surtir efecto fóra do territorio da Comunidade Autónoma.

ARTIGO 7º

Os modelos de impresos á disposición do público estarán en galego, sen prexuízo do dereito dos particulares a cubrilos en castelán. O Concello facilitará a tradución ao castelán de impresos cando se solicite de xeito formal.

ARTIGO 8º

Os documentos públicos e os contractuais outorgados polo Concello redactaranse sempre en galego, agás que a outra parte proceda de fóra da comunidade autónoma e solicite formalmente o emprego do castelán

CAPÍTULO V
DAS RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

ARTIGO 9º

1. A documentación que o Concello de Cerdedo-Cotobade dirixida a calquera das administracións públicas dentro do territorio de Galicia redactarase en lingua galega.

2. As comunicacións que o Concello dirixa á Administración civil ou xudicial dentro do ámbito lingüístico galego redactaranse en lingua galega,

ARTIGO 10º

Respecto aos documentos dirixidos directamente a persoas xurídicas, diferentes de calquera das Administracións, o Concello empregará en primeira instancia o galego.



CAPÍTULO VI
DOCUMENTACIÓN E ACTOS PÚBLICOS

ARTIGO 11º

Os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia, ou calquera outro medio de comunicación emprazado na Comunidade autónoma serán redactados en galego.

ARTIGO 12º

Os cargos do Concello de Cerdedo-Cotobade expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebrados en Galicia sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

ARTIGO 13º

Os libros, as revistas, os carteis, a páxina web, as redes sociais, as mensaxes a través dos medios de comunicación e as publicacións que promova o Concello de Cerdedo-Cotobade faranse en lingua galega agás os destinados especialmente ao exterior, que se tenderán a realizar na lingua propia dos destinatarios.

ARTIGO 14º

Os textos deberán ser revisados para o correcto emprego do galego e, chegado o caso, poderán remitirse ao Servizo de Normalización Lingüística da Xunta de Galicia para a súa corrección lingüística.

CAPÍTULO VII
SINALIZACIÓN E OUTROS USOS

ARTIGO 15º

1. Conforme co disposto na Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos é a galega.

2. A utilización da toponimia aterase ao disposto pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia.

3. O Concello de Cerdedo-Cotobade promoverá a recuperación, coñecemento e uso da toponimia do territorio municipal e defenderá o emprego da denominación de lugares e parroquias legalmente recollida.



Mércores, 6 de febreiro de 2019

Núm. 26

ARTIGO 16º

Os rótulos, sinalizacións das sedes administrativas, doutros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal dependentes do Concello ou instalada polas súas empresas adxudicatarias ou concesionarias serán redactadas en galego, tendo en conta a normativa oficial. En calquera caso, antes da súa publicación os textos dos rótulos e sinalizacións serán sometidos a revisión lingüística.

ARTIGO 17º

Todos os vehículos do parque móbil municipal levarán a súa rotulación en galego. Isto mesmo será de aplicación ao parque móbil das empresas adxudicatarias ou concesionarias de servizos municipais e así se establecerá nos correspondentes pregos de condicións.

ARTIGO 18º

Os mesmos criterios serán de aplicación a todo o vestiario municipal.

CAPÍTULO VIII
O CADRO DE PERSOAL MUNICIPAL

ARTIGO 19º

A declaración de oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da administración local estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e escrito, en igualdade co castelán.

ARTIGO 20º

Nas convocatorias para o acceso a prazas de persoal do Concello de Cerdedo-Cotobade poderá incluírse o coñecemento da lingua galega como proba de coñecemento no caso das oposicións, ou como mérito puntuable nos concursos.

ARTIGO 21º

Os responsables dos diferentes órganos do Concello de Cerdedo-Cotobade poderán contar coa asistencia e co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística da Xunta de Galicia, previa solicitude formal, para o correcto emprego do galego nas súas tarefas internas ou de relación cos administrados.

ARTIGO 22º

O Concello de Cerdedo-Cotobade poderá organizar cursos de lingua galega para todo o persoal municipal que non teña os coñecementos necesarios para exercer as súas funcións, cando así o soliciten formalmente os propios traballadores.



Mércores, 6 de febreiro de 2019

Núm. 26

ARTIGO 23º

Será deber de todo o funcionariado adquirir o nivel de coñecemento establecido para o posto de traballo en base ao contido desta ordenanza e ás directrices da normativa autonómica de normalización lingüística.

ARTIGO 24º

A formación profesional do persoal do Concello de Cerdedo-Cotobade farase en lingua galega, sempre que dependa do Concello a organización desta actividade.

CAPÍTULO IX *CUMPRIMENTO DA ORDENANZA*

ARTIGO 25º

1. Para garantir o cumprimento desta ordenanza poderase crear unha comisión de seguimento se a conformación da mesma é solicitada ante o Pleno da Corporación Municipal e resulta aprobada. A configuración e elección dos membros da citada comisión, así como o seu réxime de funcionamento, tamén corresponderá ao Pleno

2. A actualización, ampliación ou revisión da Ordenanza tamén será competencia exclusiva do Pleno da Corporación Municipal de Cerdedo-Cotobade.

CAPÍTULO X *DEFENSA E IMPULSO DO GALEGO DENDE A ADMINISTRACIÓN*

ARTIGO 26º

1. O Concello de Cerdedo-Cotobade fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outra dentro do ámbito municipal.

2. Cando o Concello subvencione actividades promovidas por entidades privadas ou asociacións terase en conta que estas contribúan ao impulso e extensión do uso social do galego, tanto nos usos orais como escritos.

As publicacións, a cartelería, a publicidade e toda produción escrita de todos os eventos das asociacións que vaian estar subvencionadas polo Concello de Cerdedo-Cotobade deberán estar sempre en lingua galega, agás que os destinatarios sexan de fóra do ámbito lingüístico da comunidade autónoma.



Mércores, 6 de febreiro de 2019

Núm. 26

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no BOP e transcorrido o prazo de quince días hábiles de acordo cos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer polos interesados recurso contencioso – administrativo, ante a Sala do Contencioso – administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa.

Cerdedo-Cotobade

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

O Presidente

Jorge Cubela López

